Madrid, 15-3-1953.

REAL ACADEMIA
ESPAÑOLA

Sr. D. César Alvajar.
París.

Meu querido e bo amigo: ¡Con que pracer recibín a súa carta do día 2 e que ledicia espertóu n-estes vexos e cordales amigos que nos xuntamos moitas tardes n-unha pequena tertulia do Lyon! Corazóns sans, espritos acesos no amor a Terra, degarantes de coñecer o que pasa pol-o mundo e, encol de todo, as vidas, andanzas e traballos dos que malfado estan arredados de nos, a súa carta caién como choiva de primaveira nas agras sedentas. Pouco lle dirían os seus nomes: son mozos estudantes, algúns xa licenciados, outros vellos combatentes curtidos n-un loitar sin trégoa, e todos, todos almas en fervenza, tanto máis e con maor esforzo adicados o estudo e enxergamento dos valores estóricos, da filolozía, das pedras antergas e das letras en xeral da nosa Galicia, canto máis a vemos combatida e aldraxada. A persecución á nosa fala é crú e croel: neganmos o pan e a

ágoa; mâis, non lle fai e morreremos no noso posto sin dar unha pasada atrás.

O seu proieuto ten toda a nosa devoción e o nosa loubanza e axudarémolo canto poidamos que por desventura será moi pouco, atados como estamos de pés e mans, alonxados, con toda austeridade, de todal-as cuntas e comedeiros editoriales en que andan a boleo os diñeiros do Estado. Asiña lle mandaréi material abondo para que vostede poida faguer unha escolma doada.

Non conocía a morte de Phileas Lebesgue, - estóu tan vello e achacoso que fago unha vida moi arredada de feitos e novas, - do que somentes sabía que vertera ó francés a miña poesía "A traxedia das follas". Eu teño rematado un libro de versións parafrásicas ó galego, que coido se pubricará no ano que corre, - si o deixan pasar, - e no que aparecen Rostand, Richepin, Gautier, Moréas, Soulary e outros, e quixera me mandara vostede algún traballo de Phileas para incruilo, pagando eisí unha obrega de gratitude. Os meus libriños andan escasos porque o custo das edicións, os anos que pasaron e a persecución contra eles, sobor de todo nos primeiros tempos, barréronos das

librerías: os que se publicaron dende o 36 "Camiños no tempo" e "Antífona da cantiga" son libriños capados que nin responden ó meu tono nin acusan a ideoloxía da nova xeneración: algo irás, de todos xeitos, pouco conecido, de outros e meu.

O de América ben será que vostedes o animen e estimulen dende ahí, pois a nos fanmos pouco caso: non se dan conta de que traballamos co-as mans atadas e que é moi perigoso levantar a voz. Moito concurso de premios, mais... non é eso!

Non creio que esto seia unha novedade para vostedes porque fágovos máis conecedores do que para aleumar. Agora andan eiquí c-unhas películas arredor do Ano Santo: d-un lado o franciscán P. Mourica e d-outro Cesáreo González: supoñovos que serán duas chafalladas, a xuzgar pol-a xente que anda a gobernar no caso. Otero Pedrayo encargado d-un guión parece que o meteu no bolso ó ver o camiño que levaba a direución.

Recordo con emoción o día en que nos vimos pol-a vez derradeira: sufrín os sete en-trives, fun operado por Villar Iglesias, pasei as de Caín para sosterme en pe con dimi-

dade e eiquí estou pol-o de agora, o corpo frouxo mais o espírito no seu antigo ser.

Nada mais pol-o de agora. Consérvese bo e que Deus lle deia azo e forza pa-ra esa patriótica labouro.

Seu con todo cariño e disposto a arrimar a ombreira,

Ramón Cabanillas

Victoria, 1, 3º

Madrid.